


# PLAN DE IGUALDADE

## IES VALLE-INCLÁN




*“O problema é que a historia das mulleres está por escribir; sempre fomos unha nota a pé de páxina dos libros”.* (Julia Navarro)



## ÍNDICE

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>   | <b>4</b>  |
| 1.1. Xustificación necesaria .....   | 4         |
| 1.2. Cara a unha escola inclusiva. Un pouco de intrahistoria .....   | 8         |
| <b>2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO.....</b>   | <b>11</b> |
| 2.1. Marco lexislativo.....  | 11        |
| 2.1.1. Ámbito estatal .....  | 11        |
| 2.1.2. Ámbito autonómico.....  | 13        |
| 2.2. Documentos do centro .....  | 14        |
| 2.2.1. Normas de organización e funcionamento .....  | 15        |
| 2.2.2. Plan de atención á diversidade .....  | 15        |
| 2.2.3. Plan de acción tutorial .....   | 15        |
| 2.2.4. Plan de convivencia.....  | 15        |
| <b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA .....</b>               | <b>17</b> |
| <b>4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS. ....</b>   | <b>24</b> |
| 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. ....  | 24        |
| 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero. ....  | 24        |
| 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. Respetto polo diferente. Aceptación e tolerancia serán as palabras clave..... | 25        |
| 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....  | 25        |
| <b>5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS. ....</b>  | <b>26</b> |
| 5.1. Organización do centro: .....   | 26        |
| 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:.....   | 29        |
| 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo: .30                               |           |
| 5.4. Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar: .....  | 31        |
| <b>6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....</b>   | <b>32</b> |



|  |           |
|--|-----------|
| <b>7. ENLACES DE REFERENCIA SOBRE IGUALDADE DE XÉNERO.....</b> | <b>34</b> |
| <b>8. LECTURAS SOBRE IGUALDADE DE XÉNERO.....</b>              | <b>34</b> |
| <b>9. CANCIÓNS REIVINDICATIVAS DO PAPEL DA MULLER.....</b>     | <b>35</b> |
| <b>10. PELÍCULAS DE TEMÁTICA FEMINISTA.....</b>                | <b>35</b> |
| <b>11. DOCUMENTAIS SOBRE MULLERES IMPORTANTES .....</b>        | <b>35</b> |
| <b>12. DEBUXOS CONTRA A VIOLENCIA SEXISTA .....</b>            | <b>35</b> |
| <b>13. PUBLICIDADE SEXISTA .....</b>                           | <b>36</b> |
| <b>14. DATA DE APROBACIÓN .....</b>                            | <b>36</b> |



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1. 1. Xustificación necesaria

#### A MULLER: UNHA HISTORIA DE SOMETEMENTO, MARXINACIÓN E ESQUECEMENTO

Mary Beard<sup>1</sup> recolle como na obra a *Odisea*, Telémaco, manda calar a súa nai, Penélope, con estas palabras: “*Miña nai, vai para dentro da casa e ocúpate dos teus labores propios, do tear e da roca ... O relato estará a cargo dos homes, e sobre todo, ao meu*”. Ela obedece e retírase.

Este arrebató foi o primeiro dunha enorme lista que se estende ao longo de toda a antigüidade grega e romana, de frutíferos intentos non só de excluír as mulleres do discurso público senón tamén de facer ostentación desta exclusión. A principios do s. IV a. C. Aristófanes dedicou unha comedia enteira á “hilarante” fantasía de que as mulleres puideran facerse cargo do goberno do Estado. Xa no mundo romano, *As metamorfoses* de Ovidio volve reiteradamente á idea de silenciar as mulleres no seu proceso de transformación. Xúpiter converteu en vaca a pobre Ío que só podía muxir, non falar; mentres que a falangueira Eco é castigada a que a voz non sexa nunca a súa, a ser un simple instrumento que repita as palabras dos demais.

O discurso público e a oratoria non eran simples actividades nas que as mulleres non tiñan participación, senón que eran prácticas e habilidades que definían a masculinidade como xénero. O discurso público era o atributo definitorio da virilidade.<sup>2</sup>

Na literatura antiga encontramos unha reiterada énfase sobre a autoridade da voz grave masculina en contraste coa feminina. Un antigo tratado científico enuncia de forma explícita:

---

<sup>1</sup> Beard, Mary, *Mujeres y poder*; Ed. Crítica, 2018.

<sup>2</sup> Recoméndase ler os artigos de María Solanas “No son las mujeres, es el poder”, sobre a ausencia de liderado das mulleres nos espazos de toma de decisións na segunda década do século XXI, e “Una política exterior feminista”, sobre a brecha de xénero no dominio político e económico.

<https://www.esglobal.org/no-son-las-mujeres-es-el-poder/>

[https://elpais.com/elpais/2018/07/10/opinion/1531231731\\_276590.html](https://elpais.com/elpais/2018/07/10/opinion/1531231731_276590.html)



### **unha voz grave indica coraxe viril, mentres que unha voz aguda é indicativo de covardía feminina.**<sup>3</sup>

Non é o noso obxectivo realizar aquí unha historia exhaustiva do papel da muller ao longo da historia, de como se viu privada dos seus dereitos e de como foi considerada un ser inferior e ancilar do home, mais algúns datos son moi ilustrativos da súa discriminación e de como foi relegada do mundo da cultura. Así, non será ata **1837** que a Biblioteca Nacional de Madrid permita por primeira vez a entrada da muller para poder consultar os seus libros; e, a pesar dos esforzos dalgunhas mulleres, non foi ata **1872** cando se matriculou a primeira muller na universidade española: María Elena Maseras Ribera. Ela foi a pioneira e matriculouse na Facultade de Medicina da Universidade de Barcelona trala autorización previa do rei.

Damos un salto temporal de máis de vinte séculos e a comezos do século XX (**1908**) atopámonos con estas afirmacións nun libro dos libros máis machistas da historia, titulado *La indigencia espiritual del sexo feminino*:

*“Non podo concibir a beleza feminina senón como o froito da pobre árbore do seu espírito; os elementos estáticos da muller asentan precisamente sobre a indixencia da súa alma, e o seu ton de voz, a súa cabeleira longa e espesa, a suculencia dos seus peitos, o amor profundo, a fecundidade ... non podo comprendelos desatados e sen relación coa súa intelixencia estéril”.*

*“Anatomicamente e psicoloxicamente, o cerebro da femia humana está, en xeral, entre o das bestas e o do macho”.*

*“A pobreza mental da femia debe mirarse non só como un feito real, senón como un feito necesario”, porque “a difusión da cultura está en relación co decrecemento da fecundidade” e “a muller culta, erudita, alimenta o seu cerebro pero desnutrindo os seus ovarios”.*

---

<sup>3</sup> Nos anos oitenta do século pasado, Margaret Thatcher, a primeira muller primeira ministra do Reino Unido entre 1979 e 1990, reeducou a súa voz, demasiado aguda, para darlle o ton grave que os seus conselleiros crían que lle faltaba.



Mais non todo foi negativo na busca da igualdade entre os dous sexos. Xa na antigüidade houbo exemplos extraordinarios coma os de Hipatia de Alexandría, Cleopatra de Exipto ou Safo de Lesbos.

No medievo, o papel da muller pode resumirse nunhas palabras de Frei Luís de León que se recolle no libro *Feminismos*<sup>4</sup>: “Porque así como a natureza ... fixo as mulleres para que, pechadas gardasen a casa, así as obrigou a que calasen a boca”.

Durante este período creouse a idea do amor cortés, que parece ser a semente do “*amor romántico*”. Tamén a relixión cristiá estende a idea da muller supeditada ao home (Eva créase a partir dunha costela de Adán). Nesta época tamén se escribe a obra *Le roman de Flamenca* no que, aínda hoxe, se basean outras obras como o álbum “El mal querer” da exitosa cantante Rosalía.

No século XVIII, o 4 de xullo de 1776, Thomas Jefferson redacta a *Declaración de Independencia de Estados Unidos*. É a primeira declaración dos dereitos do home no obxectivo de vida, liberdade e busca de felicidade. Ao outro lado do Atlántico, o 28 de agosto de 1789, escríbese a *Declaración dos dereitos do home e do cidadán*. En ambos os dous casos o termo “home” non se emprega coma xenérico da condición humana; polo tanto son declaracións de dereitos que deixan fóra das súas condicións a metade da poboación. Como reacción a esta *Declaración*, dous anos despois, en 1791, Olimpia de Gouges publica *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*. Dous anos despois é guillotizada, pero a semente xa está espaxada.

A loita continúa ao longo do século XIX e no século XX as conquistas dos dereitos das mulleres foron *in crescendo* até os nosos días.

En 1911, o 8 de marzo, celébrase o primeiro Día Internacional da Muller.

A partir de mediados de século e ao rematar o Segunda Guerra Mundial, en 1945, nacen as Nacións Unidas. Un ano despois, en 1946, ten lugar neste foro un discurso memorable pronunciado por Eleanor Roosevelt, titulado “*As mulleres do mundo*”, no que destaca o papel

---

<sup>4</sup> R. Figueiredo, Anna, *Feminismos*; Xunta de Galicia, 2019.



importantísimo desempeñado por estas durante a guerra que vén de rematar e na resistencia; ánimaas a participar activamente nos asuntos nacionais e internacionais.

Dous anos despois, o 10 de decembro de 1948, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adopta a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*.

No artigo 2, alínea 1, afirmase: “*Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición*”.

No artigo 23, alínea 1, dise: “*Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego*”. Na alínea 2, continúaase: “*Toda persoa ten dereito, sen discriminación ningunha, a igual salario por traballo igual*”.<sup>5</sup>

A CEDAW ou **Convención sobre a Eliminación de Toda Forma de Discriminación contra a Muller** foi aprobada por Nacións Unidas en 1979 e ratificada por 187 países, o 96% dos existentes, entre eles España, que a ratificou en 1984.

A Asemblea Xeral da ONU aprobou en decembro de 1993 a **Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller (DEVAW)** en inglés) considerada como un complemento e reforzo da Convención anterior. A mesma reconece “a urxente necesidade dunha aplicación universal á muller de los dereitos e principios relativos á igualdade, seguridade, liberdade, integridade e dignidade de todos os seres humanos”.

A **Declaración do Milenio das Nacións Unidas**, firmada en setembro de 2000, compromete os líderes mundiais a loitar contra a pobreza, a fame, as enfermidades, o analfabetismo, a degradación medioambiental e a discriminación da muller. Dos oito obxectivos do milenio (ODM) que se derivan desta **Declaración**, o terceiro versa sobre: **Promover a igualdade entre xéneros e a autonomía da muller**.

---

<sup>5</sup> Léase, por exemplo, <https://elpais.com/economia/2020-10-25/no-las-mujeres-no-ganan-lo-mismo-que-los-hombres-asi-es-la-brecha-salarial-en-el-ibex-35.html>



O 12 de xullo de 2013, Malala<sup>6</sup> pronunciou un memorable discurso diante dos líderes mundiais da ONU no que reivindicaba, entre outros, o dereito á educación infantil.

## 1.2. Cara a unha escola inclusiva. Un pouco de intrahistoria

A **Lei Moyano** (9 de setembro de 1857) establecía a educación obrigatoria para as nenas en poboacións de máis 500 habitantes (art. 100) e recoñecía por primeira vez o dereito da muller á instrución primaria. O artigo 114 propón a creación de Escolas Normais Femininas.

A educación das mulleres estaba orientada a desenvolver destrezas para ser unha boa esposa e nai. Na escola elemental os labores propios dos eu sexo substitúen as breves nocións de agricultura, industria e comercio, e na escola superior a súa formación céntrase no debuxo aplicado aos labores domésticos e lixeiras nocións de hixiene doméstica substituindo os principios de xeometría, de debuxo lineal, etc.

En definitiva, pídeselles menos coñecementos ás mulleres ca aos homes (art. 68 e 71) e págaselles unha terceira parte (art. 194).

En definitiva, o Estado non prepara as mulleres para ningún traballo que non sexa o fogar ou estudos de maxisterio.

Malia todo, aumentaron o número des escolas para nenas e creouse a Escola Normal Central de Mestras en Madrid e outras en diferentes provincias.

Os **Institutos Nacionais de Ensinanza Media** eran só masculinos. Isto foi un obstáculo para o acceso das mulleres aos estudos superiores. A situación foise resolvendo con exames libres e preparacións extraacadémicas, só accesibles para as mozas de familias acomodadas.

---

<sup>6</sup> Malala Yousafzai foi tiroteada polos talibán e estivo a piques de morrer. En 2012 foi a persoa máis nova en recibir o Nobel da Paz

<https://www.europapress.es/internacional/noticia-video-emotivo-discurso-malala-yousafzai-dio-frente-lideres-onu-2013-20141010130733.html>





Na segunda metade do século XIX empezaron a aparecer escolas que serían o equivalente á formación profesional de arestora: Escolas Normais de Mestras, de comercio, de correos e telégrafos, de enfermeiras ...

A escritora Emilia Pardo Bazán argumenta nun dos seus artigos de *A muller española* (1890) que as mulleres deben ter acceso á educación superior para o desenvolvemento da súa propia razón e do seu propio entendemento como seres humanos. Afirmar: "*Aínda que todas as mulleres conciben ideas non todas conciben fillos*".

**A Institución Libre de Ensinanza (ILE)** foi un proxecto pedagóxico que se desenvolveu en España entre 1876 e 1939). O seu principal inspirador foi Francisco Giner de los Ríos. Introduciu a idea e práctica da coeducación, mesturando nenos e nenas, pero conservando ensinanzas diferentes.

**A Constitución de 1931** supuxo un punto de inflexión na igualdade en coeducación, pero foi un período convulso e efémero que non permitiu consolidar de forma universal a educación das nenas como cidadás de pleno dereito.

Déronse cambios cara á inclusión de nenos e nenas, mais en 1936 só o 30% das escolas levaran adiante esta práctica.

Grazas ao labor de Clara Campoamor, conseguiuase que se recollese no artigo 25 a igualdade xurídica dos homes e mulleres:

*"Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas, nin as crenzas relixiosas. O Estado non reconece distincións ou títulos nobiliarios"*.

O artigo 36 da Constitución confería os mesmos dereitos electorais ao home e á muller maiores de vinte e tres anos. A Lei do divorcio foi aprobada en 1932 e considerouse unha das máis progresistas das existentes no momento.

Tanto a concesión do voto como a do divorcio foron logros da muller no período republicano, pero logros tan efémeros como o propio réxime que os posibilitara. A Guerra Civil e o novo Estado imposto tras a vitoria das forzas franquistas o 1 de abril de 1939, esfarelarían todo o conseguido con tanto esforzo.



Durante o franquismo volveuse á escola segregada. En 1970 a **Lei Xeral de Educación** establece a educación conxunta cun mesmo currículo e obrigatoria ata os 14 anos. Incorporáronse as mulleres á educación mentres se mantiña o discurso das mulleres casadas no fogar; o obxectivo seguía sendo formar esposas e amas de casa. Porén, esta Lei foi un importante instrumento de desenvolvemento e contribuíu a eliminar as barreiras que impedían a promoción xerada pola marxinação das mulleres.

### A Constitución española de 1978

**Artigo 9.2:** *"Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social".*

**Artigo 14:** *"Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".*

No **Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)** tamén se determina que a igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e, en concreto, na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación.

No marco da **Unión Europea**, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presentes en todas as súas actuacións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión europea.

No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE par a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015*, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo, e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra estes estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como nos efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

En 2011, o Estado español ratifica o **Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica**, feito en Estambul o 11 de maio de 2011. O artigo 1 deste Convenio establece, entre outros, os seguintes obxectivos:



- a) **Protexer as mulleres contra todas as formas de violencia e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica.**
- b) **Contribuír a eliminar toda forma de discriminación contra a muller e promover a igualdade real entre mulleres e homes, incluíndo o empoderamento das mulleres.**

No artigo 14 deste Convenio, tocante á **educación**, afírmase que:

*"As partes emprenderán, no seu caso, as accións necesarias para incluír nos programas de estudos oficiais e a todos os niveis de ensinanza material didáctico sobre temas como a igualdade entre mulleres e homes, os papeis estereotipados dos xéneros, o respecto mutuo, a solución non violenta de conflitos nas relacións interpersoais, a violencia contra a muller por razóns de xénero, e o dereito á integridade persoal, adaptado á fase de desenvolvemento dos alumnos".*

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO**

As distintas leis educativas aprobadas en democracia recollen, en maior ou menor medida, a non discriminación por razón de sexo, pero as desigualdades persisten:

**Currículo explícito:** aquel que recolle o conxunto de elementos incluídos no proceso de ensinanza e aprendizaxe (obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía..). Os contidos das diferentes materias é o que se recolle nos libros de texto e unha análise breve dos mesmos revela unha invisibilización da muller nos diferentes ámbitos sociais e nos espazos dominados polo protagonismo do home. Unha parte do currículo está omitido.

**Currículo oculto:** aquel que ten que ver coa organización do centro e o que nel se transmite a partir das actitudes amosadas, os valores transmitidos, as normas aplicadas, as xerarquías establecidas ou a distribución de espazos como, por exemplo, o patio para que os alumnos xoguen ao fútbol en detrimento das alumnas.

### **2.1. Marco legislativo**

#### **2.1.1 Ámbito estatal**

Constitución de 1978 (artigos 9.2 e 14). No primeiro establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade sexa real e efectiva; no segundo recoñécese a



igualdade ante a lei por razón de sexo.

Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres.

Lei 5/2001 de 17 de maio, de Prevención de Malos Tratos e de Protección de Mulleres Maltratadas.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No artigo 1 establece como principio da educación "*o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero*"

Lei 3/2007, do 15 de marzo reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas. Esta Lei regula os requisitos necesarios para acceder ao cambio de inscrición relativa ao sexo dunha persoa no Rexistro Civil. Cando dita inscrición non se corresponde coa verdadeira identidades de xénero, contempla tamén o cambio de nome propio para que non resulte discordante co sexo reclamado.

A Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. No título IV establece:

**Artigo 23: A educación para a igualdade de homes e mulleres.**

**Artigo 24: Integración do principio de igualdade na política de educación.**

A LOMLOE aprobada definitivamente polo Senado o día 23 de decembro de 2020 (BOE de 30 de decembro), na súa disposición vixésimo quinta: "Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres", establece na alínea 1: "*os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio da coeducación en todas as etapas educativas ...*"

Na alínea 2: "*os centros educativos incorporarán medidas para desenvolver a igualdade efectiva entre homes e mulleres nos respectivos plans de acción tutorial e de convivencia*".

Na alínea 3: "*Os centros educativos deberán necesariamente incluír e xustificar no seu proxecto educativo as medidas que desenvolven para favorecer e formar en igualdade en todas as etapas educativas incluíndo a educación para a eliminación da violencia de xénero, o respecto polas identidades, culturas, sexualidades e a súa diversidade, e a participación activa para facer realidade a igualdade*".

Na alínea 4: "*As Administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de*



*alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería, artes e matemáticas ... Do mesmo xeito, promoverán a presenza de alumnado masculino naqueles estudos nos que exista de forma notoria unha maior matrícula de mulleres que de homes”.*

Na alínea 5: *“As Administracións educativas promoverán que os currículos e os libros de texto e demais materiais educativos fomenten o igual valor de mulleres e homes e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios”.*

### **2.1.2. Ámbito autonómico**

Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). No artigo 4, alínea 2, afirmase: *“Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.*

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres, lei de referencia para que os poderes públicos asuman o papel de garantes da igualdade na CCAA de Galicia, recolle no preámbulo: *“ A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que, desde todos os niveis normativos, se tenta conseguir a través de diversas medidas ...”.*

Nos diferentes títulos e capítulos abórdanse aspectos como o concepto de **discriminacións directas e indirectas, a educación para a formación en igualdade entre mulleres e homes, a erradicación dos prexuízos nos centros educativos e a erradicación do uso sexista da linguaxe.**

Lei 11/2007, do 27 de xullo, para prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Dedicada o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero

**Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia** dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo no artigo 22 a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos e o artigo 26 establece accións para combater o acoso e favorecer a visibilidade

**Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa.**



**Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro.** No capítulo IV, artigo 17, establécese que a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. No artigo 18: **Erradicación dos prexuízos nos centros docentes**, afírmase que non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha situación estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

### **Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato.**

Este Decreto establece como finalidade primordial nos distintos niveis educativos acadar a igualdade entre mulleres e homes na sociedade.

Nos últimos anos, a Consellería de Educación elaborou protocolos e plans que teñen como prioridade a igualdade de xénero e a prevención e erradicación da violencia de xénero:

- **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).**
- **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020).**
- **Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo (2020).**

## **2.2. Documentos do centro**

Todos os documentos do centro está redactados utilizando a linguaxe inclusiva, ben utilizando vocábulos inclusivos, ben desdobrando a forma en masculino e feminino cando é posible.

O mesmo sucede coas actas das reunións dos órganos colexiados: Consello Escolar, Claustro, CCP, reunións sectoriais de profesorado ...



### **2.2.1. Normas de organización e funcionamento**

Neste documento, no epígrafe 7.2.: "Criterios para a formación de grupos", establécese como o primeiro deles: "*Os grupos serán heteroxéneos, é dicir, non se farán grupos en canto a capacidade intelectual, sexo, etc.*"

### **2.2.2. Plan de atención á diversidade**

Na introdución deste Plan recóllense entre outros os seguintes principios:

- A calidade da educación para todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación.
- A inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación.


### **2.2.3. Plan de acción tutorial**

No PAT recóllense unha serie de actividades como:

- Programa de orientación académica e profesional.
- Programa de educación para a saúde: sexualidade, ITS, VIH e SIDA.
- Programa de desenvolvemento de educación emocional.
- Educación afectivo-sexual.
- Control emocional.

### **2.2.4. Plan de convivencia**

No Plan de Convivencia, entre outros establécese o obxectivo de facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, de violencia de xénero, así como actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.




No epígrafe 7.1.1. o equipo directivo ten como tarefas recomendadas organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.

No epígrafe 7.1.5.: Grupos e relacións interpersoais, recóllense como accións recomendadas as seguintes:

- Potenciar a educación en sentimentos, actitudes e valores, e introducir estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Proporcionarlla ao alumnado unha educación para a igualdade entre homes e mulleres.





### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA


#### EQUIPO DIRECTIVO:

|          | Membros |
|----------|---------|
| Homes    | 2       |
| Mulleres | 3       |
| Total    | 5       |





#### CONSELLO ESCOLAR:

|                  | Homes | Mulleres | Total |
|------------------|-------|----------|-------|
| Equipo directivo | 1     | 3        | 4     |
| P. docente       | 5     | 1        | 6     |
| P. non docente   | 1     | 0        | 1     |
| Pais/Nais        | 0     | 1        | 1     |
| Alumnado         | 1     | 1        | 2     |
| Concello         | 1     | 0        | 1     |
| Total            | 9     | 6        | 15    |




#### Consello Escolar






**CLAUSTRO PROFESORADO:**

|          | Membros |
|----------|---------|
| Homes    | 22      |
| Mulleres | 49      |
| Total    | 71      |



**COMISIÓN COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:**


|          | Membros |
|----------|---------|
| Homes    | 8       |
| Mulleres | 16      |
| Total    | 24      |



**TITORES/AS:**



|          | Titores/as |
|----------|------------|
| Homes    | 8          |
| Mulleres | 27         |
| Total    | 35         |







**DELEGADAS/OS E SUBDELEGADAS/OS DO ALUMNADO:**

|          | Delegadas/os | Subdelegadas/os | Total |
|----------|--------------|-----------------|-------|
| Homes    | 19           | 17              | 36    |
| Mulleres | 12           | 14              | 26    |
| Total    | 31           | 31              | 62    |



**MATRICULADOS/AS ESO:**

|        | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------|----------|-------|-------|
| 1º ESO | 57       | 61    | 118   |
| 2º ESO | 69       | 50    | 119   |
| 3º ESO | 64       | 52    | 116   |
| 4º ESO | 62       | 56    | 118   |
| ESO    | 252      | 219   | 471   |







**MATRICULADOS/AS BACH:**

|                    | MULLERES   | HOMES      | TOTAL      |
|--------------------|------------|------------|------------|
| 1º BACH. CIENCIAS  | 46         | 45         | 91         |
| 1º BACH. CC.SS.    | 29         | 9          | 38         |
| 1º BACH. HUM.      | 6          | 2          | 8          |
| 2º BACH. CIENCIAS  | 30         | 28         | 58         |
| 2º BACH. CC.SS.    | 28         | 18         | 46         |
| 2º BACH. HUM.      | 11         | 3          | 14         |
| <b>TOTAL BACH.</b> | <b>150</b> | <b>106</b> | <b>255</b> |


**Total BACH**




**BACH**



**Total 1º BACH**







**Total 2º BACH**






**MATRICULADOS/AS BACH. ADULTOS:**

|                       | MULLERES  | HOMES     | TOTAL     |
|-----------------------|-----------|-----------|-----------|
| (A)-1º BACH. CIENCIAS | 1         | 2         | 3         |
| (A)-1º BACH. CC.SS.   | 3         | 4         | 7         |
| (A)-1º BACH. HUM.     | 1         | 2         | 3         |
| (A)-2º BACH. CIENCIAS | 5         | 6         | 11        |
| (A)-2º BACH. CC.SS.   | 2         | 10        | 12        |
| (A)-2º BACH. HUM.     | 6         | 0         | 6         |
| <b>TOTAL (A)-BACH</b> | <b>18</b> | <b>24</b> | <b>42</b> |






**MATRICULADOS/AS POR ENSEANZAS E CURSO:**

|                       | MULLERES   | HOMES      | TOTAL      |
|-----------------------|------------|------------|------------|
| 1º ESO                | 57         | 61         | 118        |
| 2º ESO                | 69         | 50         | 119        |
| 3º ESO                | 64         | 52         | 116        |
| 4º ESO                | 62         | 56         | 118        |
| 1º BACH. CIENCIAS     | 46         | 45         | 91         |
| 1º BACH. CC.SS.       | 29         | 9          | 38         |
| 1º BACH. HUM.         | 6          | 2          | 8          |
| 2º BACH. CIENCIAS     | 30         | 28         | 58         |
| 2º BACH. CC.SS.       | 28         | 18         | 46         |
| 2º BACH. HUM.         | 11         | 3          | 14         |
| (A)-1º BACH. CIENCIAS | 1          | 2          | 3          |
| (A)-1º BACH. CC.SS.   | 3          | 4          | 7          |
| (A)-1º BACH. HUM.     | 1          | 2          | 3          |
| (A)-2º BACH. CIENCIAS | 5          | 6          | 11         |
| (A)-2º BACH. CC.SS.   | 2          | 10         | 12         |
| (A)-2º BACH. HUM.     | 6          | 0          | 6          |
|                       | <b>420</b> | <b>348</b> | <b>768</b> |



Total ensinanzas





**ALUMNADO TITULADO (CURSO 2019/2020)**

|             | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|-------------|----------|-------|-------|
| 4º ESO      | 66       | 52    | 118   |
| 2º BACH     | 55       | 29    | 84    |
| (A)-2º BACH | 11       | 8     | 19    |
|             | 132      | 89    | 221   |





## 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS.

### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística, ...).

### 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Traballar as relacións de uso abusivo do poder ea violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade educativa.
- Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistemática á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.
- Seguimento e aplicación do protocolo establecido na **Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo** (novembro de 2020).





### 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual<sup>7</sup>. Respetto polo diferente.

Aceptación e tolerancia serán as palabras clave.

- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.

### 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia<sup>8</sup>.

- Afondar na coeducación e no respecto pola diversidade de calquera índole.
- Promover valores como a paz, a solidariedade e o arriquecemento a través do diferente e do diverso. A pluralidade enriquece, a uniformidade empobrece.
- Formar e sensibilizar a toda a comunidade tocante á diversidade nas relacións afectivas e da identidade sexual.
- Seguimento e aplicación da **Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa** e o **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril de 2016)**.

---

<sup>7</sup> A **diversidade sexual e de xénero (DSX)** ou simplemente **diversidade sexual** é un termo que se usa para referirse, de maneira inclusiva, a toda a diversidade de sexos, orientacións sexuais e identidades de xénero sen necesidade de especificar cada unha das identidades, comportamentos e características que conforman esta pluralidade.

<sup>8</sup> Segundo o dicionario da RAE, a LGTBIfobia é o rexeitamento, medo, repudio, prexuízo ou discriminación cara ás mulleres ou homes que se recoñecen a si mesmos como LGTBI.



## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.

### 5.1. Organización do centro:


- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo. Promoverase que as alumnas se presenten como representantes do alumnado ao Consello Escolar e participen na elección de delegadas
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade. No IES Valle-Inclán a persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar é a profesora de Lingua Castelá e Literatura D<sup>a</sup> Azucena Fátima Cobas Gamallo.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias). Difundirase nomeadamente a través da páxina web do centro.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. Solicitaranse plans de formación, obradoiros, talleres ... para os distintos colectivos da comunidade educativa. Durante o curso 2019-2020 traballouse sobre a temática de "*A igualdade*". Este curso estamos participando no programa do Plan Proxecta: "*Por 365 días de respecto e igualdade*".
- Empregar unha linguaxe inclusiva<sup>9</sup> e igualitaria na actividade do centro. Observarase un especial coidado nas reunións dos órganos colexiados, nas distintas reunións que

---

<sup>9</sup> Non toda a sociedade concorda na necesidade do uso da linguaxe inclusiva. Emblemático é o informe "Sexismo lingüístico y visibilidad de la mujer", elaborado polo académico da RAE Ignacio del Bosque e asinado por 26 académicos máis no que se sostén que, se ben existen usos verbais sexistas, as recomendacións de moitas das guías de linguaxe non sexista publicadas nos últimos anos, difunden usos alleos ás prácticas dos falantes.

<https://www.rae.es>

A raíz da petición realizada pola vicepresidenta do Goberno, Carmen Calvo, de someter a unha análise a Constitución de 1978, baixo o prisma da linguaxe inclusiva, a RAE emitiu un informe, aprobado por unanimidade, no que se conclúe que procedería desdobar termos como rei/raíña ou príncipe/princesa, pero en



se realicen no centro. O profesorado procurará utilizar unha linguaxe inclusiva nas comunicacións co alumnado, tanto oralmente coma por escrito. Son diversos os recursos para o emprego da linguaxe inclusiva, mais un dos máis empregados para non recargar a comunicación é a utilización de colectivos do tipo: profesorado, persoal docente, alumnado, estudantado, Dirección, membros do departamento, persoal coordinador, proxenitores/responsables, persoal de administración, persoal de limpeza, persoal de conserxería ...

- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas. Nomeadamente con institucións coma o Concello, a Deputación e calquera outra organización que respecte e defenda a coeducación, a igualdade de xénero e os dereitos de todos os colectivos independentemente da súa orientación sexual.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI, etc.). Ademais destas, pódemos engadir as seguintes datas:

| DATA                                    | EFEMÉRIDES   |
|---|--|
| 23 de setembro                          | Día Internacional conta a Explotación Sexual, a Trata e o Tráfico de Mulleres e Menores con fins de Explotación Sexual |
| 28 de setembro                          | Día Internacional da Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos das Mulleres  |
| 11 de outubro                           | Día Internacional da Nena  |
| 15 de outubro                           | Día Mundial da Muller Rural  |
| Primeiro luns seguinte ao 15 de outubro | Día das Escritoras   |
| <b>25 de novembro</b>                   | <b>Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero</b>   |
| 6 de febreiro                           | Día internacional de Tolerancia Cero coa   |

xeral, “a Constitución é gramaticalmente perfecta”. Tocante a substantivos coma nenos, pais, fillos, profesores, a RAE considera que o xenérico masculino funciona e non recomenda modificalo.



| DATA              | EFEMÉRIDES   |
|-------------------|--|
|                   | Mutilación Xenital Feminina  |
| 11 de febreiro    | Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia                                 |
| 22 de febreiro    | Día Europeo para a Igualdade Salarial de Mulleres e Homes                        |
| <b>8 de marzo</b> | <b>Día Internacional da Mulleres</b>   |
| 31 de marzo       | Día Internacional da Visibilidade Transxénero                                    |
| 26 de abril       | Día da Visibilidade Lésbica  |
| 15 de maio        | Día das Familias   |
| 17 de maio        | Día contra a Homofobia e a Transfobia  |
| 24 de maio        | Día internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme                              |
| 28 de xuño        | Día internacional do Orgullo de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais (LGTB). |

- Concretar o desenvolvemento da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro. Promover a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia ...<sup>10</sup>
- Concretar o desenvolvemento curricular de orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional. Este labor corresponderalle principalmente ao departamento de orientación. En todo momento se fará fincapé en que non hai itinerarios ou carreiras de mulleres e homes.

<sup>10</sup> Son innúmeros os artigos e as novas que se publican acotío sobre a violencia machista que se exerce sobre a muller. Recomendamos a lectura do artigo “El tiempo de silencio se acabó” de María Solanas.

<https://www.elperiodico.com/es/opinion/20180502/articulo-opinion-maria-solanas-el-tiempo-del-silencio-se-acabo-violencia-machista-6796595>



- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo. O centro mercará todo aquel material bibliográfico que fomente a sensibilización cara á igualdade de xénero e preveña actitudes discriminatorias e machistas.

## 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero<sup>11</sup> na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero para: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, de cara a completar a historia da humanidade. Daranse indicacións para que cada Departamento recolla na súa programación respectiva as mulleres máis sobranceiras en cada ámbito: ciencia, filosofía, literatura, etc.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección de contidos, de personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula mediante talleres, obradoiros, etc. Empregaranse, nomeadamente, as horas de titoría presencial na ESO, pero tamén haberá un enfoque transversal desde a totalidade das materias.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

---

<sup>11</sup> Segundo a Oficina do Alto Comisionado de las Naciones Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH), **un estereotipo de xénero "é una opinión o prexuízo xeneralizado acerca de atributos ou características que homes e mulleres posúen ou deberían posuír ou das funcións sociais que ambos os dous desempeñan ou deberían desempeñar"**.

Un estereotipo de xénero, polo tanto, é nocivo cando limita a capacidade de homes e mulleres para desenvolver as súas facultades persoais, realizar unha carreira profesional e tomar decisións acerca de súas vidas e os seus proxectos vitais.



### 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través do taboleiro do centro colocado *ad hoc*, dos taboleiros das aulas e da pantalla da entrada principal.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar. Merca de libros e exposición e visibilización dos máis interesantes e atractivos para o alumnado.
- Revisar a idoneidade dos contido audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas. Non se colaborará institucionalmente con entidades que non observen un escrupuloso respecto coa igualdade e a diversidade.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real. A prensa en soporte papel e *on line* será un dos medios principais para implementar esta medida. Unha observación rápida permítenos comprobar que todos os días se publican informacións e noticias que poden ser utilizadas nas aulas para concienciar sobre a necesidade de avanzar na igualdade, e desterrar todos os estereotipos e prexuízos aínda vixentes.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos. Formar sobre os riscos das redes sociais e de internet para prever situacións de acoso como o *sexting*.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual desde o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a representación do sexo feminino nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.



#### 5.4. Inclusión de valores coeducativos<sup>12</sup> na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes. Será severamente sancionada, sempre respectando a Lei de Convivencia, calquera actitude, acción ou comportamento que vaia en contra da igualdade de xéneros ou ataque a diversidade sexual.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc. Como xa se referiu anteriormente, o centro está a participar nun proxecto de innovación educativa chamado *Club de Letras* cuxa temática é “O coidado”, estudado desde todas as perspectivas posibles. A conservación do medio ambiente, a loita contra o cambio climático e a implementación de medidas para a súa prevención será un dos eixes principais de traballo.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero. É interesante ilustrar esta realidade con novas que se publican a miúdo nos medios de comunicación<sup>13</sup>.
- Corrixir actitudes, comentarios, chistes ou calquera expresión vexatoria e denigratoria para a muller ou calquera colectivo que represente a diversidade sexual ou afectiva.
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas. Fomentar e poñer en valor as relacións interpersoais entre os diferentes sexos.


---

<sup>12</sup> A **coeducación** é un método educativo que parte do principio de igualdade entre sexos e a non discriminación por razón de sexo. Coeducar significa non establecer relacións de dominio que supediten un sexo a outro, senón incorporar en igualdade de condicións as realidades e a historia as mulleres e dos homes para educar **na igualdade desde a diferenza**.

<sup>13</sup> Elliot Page, antes chamado Ellen Page, é un actor moi recoñecido, incluso nominado ao Óscar polo filme *Juno*, do cal foi protagonista, e que protagonizou filmes como *Freeheld* e series como *The Umbrella Academy*, anunciou na súa conta de Twitter que era transexual e os seus pronomes el/ela. A nova fíxose viral, retuiteouse centos de miles de veces e tivo millón e medio de *likes*.

A cara dramática desta realidade é que máis de 40 persoas transexuais foron asasinadas nos EE.UU. durante o ano 2020. No mundo esta cifra ascende a 350, 11 delas en Europa.

[https://verne.elpais.com/verne/2020/12/02/articulo/1606923552\\_435809.html](https://verne.elpais.com/verne/2020/12/02/articulo/1606923552_435809.html)



- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas. Ensinar o alumnado dun xeito transversal en todas as materias que deben realizar as mesmas tarefas e traballos os homes que as mulleres. Deben desempeñar un papel activo en todos as tarefas e interiorizar que non existen traballos de mulleres e traballos de homes.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.
- Fomentar a importancia do bo uso das redes sociais en materia de igualdade e respecto á identidade afectivo-sexual. Aprender a ser críticos con actitudes e comportamentos inadecuados e que infravaloren e/ou neguen a desigualdade real entre mulleres e homes e subtraian importancia á lacra que supón a violencia de xénero.

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

| MEDIDAS  | INDICADORES  | OBXECTIVOS  |
|--|--|---|
| <b>5.1. Organización do centro</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Número de representantes masculinos e femininos nos órganos colexiados.</li> <li>● Coñecemento do Plan de Igualdade por parte da comunidade.</li> <li>● Cursos de formación realizados.</li> <li>● Análise de toda a documentación xerada no centro e uso da linguaxe inclusiva.</li> <li>● Número de actividades de colaboración realizadas con outras entidades.</li> <li>● Número da actividades realizadas nas datas coeducativas.</li> <li>● Actividades de alfabetización afectivo-sexual.</li> </ul> | <p><b>4.1</b></p> <p><b>4.2</b></p> <p><b>4.3</b></p> <p><b>4.5</b></p> |
| <b>5.2. Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión de valores e saberes.</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Análise das programacións didácticas e valoración da inclusión das mulleres máis destacadas de cada ámbito.</li> <li>● Análise do material didáctico empregado nas aulas e os valores e representación de xénero dos mesmos.</li> <li>● O número de actividades de sensibilización, talleres, obradoiros realizados na aula.</li> <li>● Número e análise das actividades de formación</li> </ul>  | <p><b>4.1</b></p> <p><b>4.2</b></p> <p><b>4.3</b></p> <p><b>4.4</b></p> |





| MEDIDAS   | INDICADORES  | OBXECTIVOS  |
|---|--|---|
|   | realizadas coas familias.  |   |
| <b>5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Análise da información proporcionada e coñecemento da mesma por parte da .</li> <li>● Valoración das lecturas coeducativas realizadas polo alumnado.</li> <li>● Valoración da análise dos contidos audiovisuais.</li> <li>● Reflexionar e valorar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en materia de igualdade.</li> <li>● Análise e cantidade de información traballada na aula relativa á igualdade, violencia machista, homofobia, etc.</li> <li>● Valoración do uso dos espazos de lecer por parte do alumnado de diferentes sexos.</li> <li>● Participación por sexos nas diferentes actividades : artísticas, deportivas, etc.</li> <li>● Número de condutas disruptivas vinculadas co xénero e a identidade sexual.</li> </ul> | <p><b>4.1</b></p> <p><b>4.2</b></p> <p><b>4.3</b></p> <p><b>4.4</b></p> |
| <b>5.4. Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.</b>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Análise a número de condutas contrarias á convivencia relacionadas coa igualdade, sexo, orientación sexual ...</li> <li>● Análise e número de actividades relativas ao coidado e ao medio ambiente. Participación do alumnado.</li> <li>● Número e análise de faltas de conduta vinculadas coa igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual.</li> <li>● Observación e análise de actitude tocante á realización de tarefas compartidas.</li> <li>● Análise e medidas correctoras aplicadas a posibles condutas contrarias á igualdade de xénero e/ou infravaloración e/ou negación da violencia de xénero.</li> <li>● Medidas correctoras aplicadas e vinculadas co machismo, homofobia e LGTBIfobia.</li> </ul>                             | <p><b>4.1</b></p> <p><b>4.2</b></p> <p><b>4.3</b></p> <p><b>4.4</b></p> |



## 7. ENLACES DE REFERENCIA SOBRE IGUALDADE DE XÉNERO

<https://www.cig-ensino.gal/mulleres.html>

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=35&ssid=141>

<http://www.educandoenigualdad.com/>

<https://www.ccooensino.gal/informativas.php?idPag=54&s=ccoo-ensino-areas-igualdade>

<http://igualdade.pontevedra.gal/>

<https://www.depo.gal/temas-igualdade>

<https://www.inmujer.gob.es/>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

<https://www.rtve.es/noticias/concienciados/igualdad-genero/>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/aprende-coas-mulleres-galegas>

<https://lacabezallena.com/historia/las-primeras-mujeres/>

<https://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/MaterialesDidacticos.htm>


<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalleinclan/aulavirtual/enrol/index.php?id=252>

## 8. LECTURAS SOBRE IGUALDADE DE XÉNERO

<http://igualdade.xunta.gal/es/campanas/guia-de-literatura-infantil-y-juvenil-para-la-igualdad>

<https://www.educacionrespuntocero.com/libros/libros-educar-igualdad/>

<https://www.anayainfantilyjuvenil.com/noticia/como-tu-20-relatos-mas-20-ilustraciones-para-la-igualdad/>



## 9. CANCIÓNS REIVINDICATIVAS DO PAPEL DA MULLER

[https://www.youtube.com/watch?v=fnPwYrSk7\\_o](https://www.youtube.com/watch?v=fnPwYrSk7_o)

<https://www.rtve.es/playz/20200308/diez-canciones-son-himnos-feministas/2004131.shtml>

[https://www.youtube.com/watch?v=fX\\_cqfID\\_mc](https://www.youtube.com/watch?v=fX_cqfID_mc)

<https://www.lavanguardia.com/musica/20190303/46768496509/dia-de-la-mujer-trabajadora-8-marzo-8m-huelga-cantautoras-feminismo.html>

## 10. PELÍCULAS DE TEMÁTICA FEMINISTA

<https://decine21.com/listas-de-cine/lista/las-mejores-peliculas-reivindicativas-de-los-derechos-de-le-mujer-y-su-papel-social-100068?limit=20&start=40>

<https://www.vagabunda.mx/15-peliculas-sobre-la-realidad-y-la-lucha-por-la-igualdad-de-derechos-de-las-mujeres-en-distintas-epocas-y-lugares-del-mundo/>

## 11. DOCUMENTAIS SOBRE MULLERES IMPORTANTES

[https://www.youtube.com/watch?v=ljHx\\_5g\\_BHw](https://www.youtube.com/watch?v=ljHx_5g_BHw)


<https://www.rtve.es/alcarta/videos/mujeres-en-la-historia/mujeres-historia-maria-felicia-garcia-malibran/650427/>

<https://www.rtve.es/alcarta/videos/mujeres-en-la-2/mujeres-2-investigadoras/5531308/>

## 12. DEBUXOS CONTRA A VIOLENCIA SEXISTA

[https://elpais.com/sociedad/2006/10/17/album/1161036001\\_910215.html#foto\\_gal\\_2](https://elpais.com/sociedad/2006/10/17/album/1161036001_910215.html#foto_gal_2)

<https://eacnur.org/es/actualidad/imagenes/activismo-contra-la-violencia-de-genero-14-ilustraciones>



### **13. PUBLICIDADE SEXISTA**

[http://www.mujiresenred.net/article.php3?id\\_article=940](http://www.mujiresenred.net/article.php3?id_article=940)

[https://verne.elpais.com/verne/2020/03/10/articulo/1583849358\\_700554.html](https://verne.elpais.com/verne/2020/03/10/articulo/1583849358_700554.html)

<https://www.marketingdirecto.com/actualidad/checklists/20-anuncios-vintage-que-llevar-el-machismo-al-extremo>

### **14. DATA DE APROBACIÓN**

Este plan foi aprobado polo Consello Escolar do IES Valle-Inclán en reunión ordinaria o día 28 de xaneiro de 2021.